

**IES FOZ**

**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA**

**CURSO 2021/2022**

**DEPARTAMENTO: RELIXIÓN CATÓLICA**

# ANEXO: MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Lei orgánica 3/2020 (LOMLOE) - calendario de implantación: curso 2021/22 - modificacións introducidas na avaliación e nas condicións de promoción das diferentes etapas educativas e as modificacións introducidas nas condicións de titulación da educación secundaria obrigatoria, dos ciclos formativos de grao básico e do bacharelato.

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## AVALIACIÓN ESO

### AVALIACIÓN CONTINUA

A cualificación de cada unha das tres avaliacións informativas resultará da media ponderada das cualificacións das probas individuais escritas (50%), das notas das actividades de aula (30%) e da observación sistemática da actitude do alumnado (20%) como consta no apartado 7 da programación didáctica: criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado. Para aprobar a avaliación é necesario que a nota media dea como mínimo 5.

### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Cando o alumnado non acadar un 5 na media aritmética das tres avaliacións, propoñeranse actividades orientadas a acadar os mínimos marcados (informe individualizado). Despois da terceira avaliación farase unha proba de recuperación das avaliacións suspensas, semellante ás realizadas ao longo do curso.

### AVALIACIÓN FINAL

Para o **alumnado que tivese que facer a proba de recuperación** da/s avaliación/s suspensas, a nota final do curso será o resultado de calcular a media aritmética das tres avaliacións informativas realizada coas novas notas obtidas.

Para o **alumnado que acadase unha media igual ou superior a 5** ao remate da terceira avaliación deberá realizar, no tempo que transcorre ata o final do período lectivo no mes de xuño, as actividades de ampliación e/ou reforzo da terceira avaliación que se indiquen. A cualificación destas actividades poderá modificar a nota final ordinaria.

Esta modificación da Programación Didáctica será publicada e comunicada ao alumnado e familias a través dunha nova "Presentación da materia" actualizada a través da materia de relixión de cada curso na plataforma Edixgal e en todos aqueles canles que o centro considere apropiados.

# AVALIACIÓN BACHARELATO

## AVALIACIÓN CONTINUA

A cualificación de cada unha das tres avaliacións informativas resultará da media ponderada das cualificacións das probas individuais escritas (50%), das notas das actividades de aula (30%) e da observación sistemática da actitude do alumnado (20%) como consta no apartado 7 da programación didáctica: criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado. Para aprobar a avaliación é necesario que a nota anterior dea como mínimo 5.

## ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Cando o alumnado non acade un 5 na media aritmética das tres avaliacións, propoñeranse actividades orientadas a acadar os mínimos marcados. Antes da avaliación final ordinaria farase unha **proba de recuperación** das avaliacións suspensas semellante ás realizadas ao longo do curso.

**A nota da avaliación final ordinaria** será o resultado de calcular a nota media das tres avaliacións incluíndo os resultados das probas de recuperación.

O alumnado que despois da avaliación final ordinaria non consegue unha media aritmética igual ou maior que 5 terá aínda unha nova oportunidade realizando unha **proba de recuperación extraordinaria** de toda a materia.

Esta modificación da Programación Didáctica será publicada e comunicada ao alumnado e familias a través dunha nova "Presentación da materia" actualizada a través da materia de relixión de cada curso na aula virtual e en todos aqueles canles que o centro considere apropiados.

Foz, 4 de Abril de 2022

XEFA DEPARTAMENTO: M.<sup>ª</sup> BEGOÑA ABAD NAVAS